



ILUSTRE COLEXIO DE  
AVOGADOS DE LUGO

# MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA

CURSO 2021-2022

10ª EDICIÓN

(setembro de 2021 a febreiro de 2023)

**Máster oficial impartido pola Universidade de Santiago de Compostela  
e o Ilustre Colexio de Avogados de Lugo**

## GUÍA DOCENTE

**MATERIA:  
INTRODUCCIÓN AO EXERCICIO PROFESIONAL E QUENDA DE OFICIO**

**Módulo I:  
INTRODUCCIÓN AO EXERCICIO PROFESIONAL E DEONTOLOXÍA**

## I. CALENDARIO XERAL

SETEMBRO 2021				
L	M	M	X	V
6	7	8	9	10
13	14			

## II. DATOS XERAIS DA MATERIA

- *Código:* P3351101
- *Nome:* Introducción ao Exercicio Profesional e Quenda de Oficio
- *Ano académico:* 2021/2022
- *Créditos:* 3
- *Carácter:* obrigatoria
- *Convocatoria:* primeiro semestre
- *Grupo:* único

## III. PROFESORADO

- D<sup>ª</sup> MERCEDES ALVITE MENOR, *xerente ICA Lugo*
- D. ANTONIO CENDÁN FERNÁNDEZ-PEINADO, *avogado (ICA Lugo)*
- D. IGNACIO LÓPEZ LÓPEZ, *avogado (ICA Lugo)*
- D. ANTONIO LÓPEZ-ACUÑA LÓPEZ, *avogado (ICA Lugo)*
- D. FÉLIX MONDELO SANTOS, *avogado (Decano ICA Lugo)*
- D<sup>ª</sup> CRISTINA PÉREZ SALGADO, *avogada (Deputada 2<sup>a</sup> ICA Lugo)*

## IV. CONTIDOS DA MATERIA

A información sobre os OBXECTIVOS da materia, CONTIDOS, BIBLIOGRAFÍA BÁSICA E COMPLEMENTARIA, COMPETENCIAS, METODOLOXÍA DE ENSINANZA, SISTEMA DE AVALIACIÓN, TEMPO DE ESTUDO E DE TRABALLO PERSOAL E RECOMENDACIÓNS para o seu estudo pódese consultar na web da Escola de Práctica Xurídica e na web da USC, na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-avogacia-lugo/20212022/introducion-exercicio-profesional-turno-oficio-14754-14249-2-88089>

## V. CALENDARIO DETALLADO

DÍA	HORARIO	MATERIAS	PROFESORADO
<b>INTRODUCCIÓN AO EXERCICIO PROFESIONAL DA AVOGACÍA E QUENDA DE OFICIO</b>			
06.09.2021	16:00 a 18:00 h	<b>Parte I.- O exercicio da profesión de Avogado/a.</b> 1. Funcións do avogado/a: a) Dirección e defensa das partes nos procedementos; b) Asesoramento e consello xurídico; c) A evitación da vía xudicial; d) Función social da avogacía. 2. A normativa reguladora da avogacía e a súa organización institucional. 3. Alternativas de exercicio da avogacía: a) Individual: conta propia e allea; b) Colectivo: agrupación baixo calquera forma lícita en dereito; c) Multiprofesional: colaboración con outros profesionais liberais; d)	D. FÉLIX MONDELO SANTOS (Avogado)

		<p>Incompatibilidades.</p> <p>4. Requisitos para o exercicio: a) Formación especializada; b) Proba de avaliación; c) Colexición (requisitos, tramitación, xura).</p> <p>5. Ámbito territorial de exercicio: O exercicio da avogacía en España e noutros países.</p> <p>6. Obrigacións previas ao exercicio: a) De carácter tributario; b) De carácter social; c) Outras obrigacións.</p> <p>7. A necesaria formación continuada do avogado/a.</p> <p>8. O exercicio da avogacía en Lugo.</p> <p>9. O ICA de Lugo: acceso, organización e servizos colexiais.</p> <p>10. A avogacía nova (perspectiva da profesión, dificultades iniciais, a formación, os contactos profesionais, a captación de clientes, as agrupacións de avogados novos, etc.)</p>	
07.09.2021	16:30 a 18:00 h 18:15 a 19:45 h	<p><b>Parte III.- Organización do despacho e Protección de datos.</b></p> <p>1. Organización do despacho: a) Medios humanos: Tarefas administrativas e xurídicas. Selección, xestión, distribución, promoción, retribución do persoal. b) Medios materiais: Despacho físico e mobiliario. Despacho virtual. Computador e outras ferramentas. Impresora, fotocopiadora e fax. Telefonía. c) Aplicacións informáticas: Conexión a internet. Correo electrónico. Páxina web do despacho. Aplicacións informáticas de xestión. Redes sociais. d) Medios intelectuais: Axenda e control de sinalamentos. Subscrición a bases de datos xurídicas e publicacións. Elaboración de formularios. Grupo de contactos. e) Organización do tempo propio: Priorización de tarefas. Planificación e delegación de tarefas. Orde e organización. Tempo familiar.</p> <p>3. A protección de datos na actividade da avogacía: a) Normativa reguladora. b) Suxeitos en materia de protección de datos (responsable, encargado, interesado, cesionario...). c) Definicións e termos básicos en materia de protección de datos. d) Dereitos das persoas afectadas: información, acceso, esquecemento, limitación de tratamento, portabilidade, cancelación, oposición. e) Delegado de Protección de Datos: Definición, entidades obrigadas, requisitos. f) Diferencia entre Avaliación de Impacto e Análise de Riscos. Principios fundamentais. g) Medidas de responsabilidade activa: rexistro actividades, protección de datos desde o deseño e por defecto, medidas de seguridade, notificacións de violacións de seguridade dos datos. h) Autoridades de Control: Axencia Española de Protección de Datos. i) Infraccións e sancións.</p>	D. IGNACIO LÓPEZ LÓPEZ (Avogado)
08.09.2021	16:30 a 18:00 h 18:15 a 19:45 h	<p><b>Parte V.- A previsión social dos/as avogados/as.</b></p> <p>1. Situacións que cubrir e sistemas de previsión: a) Avogado liberal / autónomo dependente: Mutualidade. Outras mutuas. RETA; b) Avogado asalariado: Réxime xeral da Seguridade Social. Mutualidade. Outras mutuas; c) Avogado liberal e asalariado a tempo parcial: Réxime xeral da Seguridade Social. Mutualidade. Outras mutuas.</p> <p>2. Coberturas e o seu alcance: xubilación, falecemento, de ser o caso, viuvez/orfandade, invalidez permanente, incapacidade temporal, maternidade, asistencia sanitaria, desemprego, coberturas opcionais.</p> <p>3. Beneficiarios.</p> <p>4. Distribución das cotas nos distintos sistemas: canto se destina á xubilación, falecementos, viuvez, orfandade, invalidez permanente, incapacidade temporal, asistencia sanitaria, desemprego e outros conceptos.</p> <p>5. Compatibilidades dos distintos sistemas.</p> <p>6. Tarxeta sanitaria universal: fundamento e alcance na C.A. de Galicia.</p> <p>7. Prestación por desemprego para os autónomos: custo, prestacións, capitalizacións.</p> <p>8. Especialidades fiscais.</p>	D. ANTONIO LÓPEZ-ACUÑA LÓPEZ (Avogado)
09.09.2021	16:30 a 18:00 h 18:15 a 19:45 h	<p><b>Parte IV.- Márketing do despacho.</b></p> <p>1. Estudo do despacho: -Que podo ofrecer. -Determinación das áreas de dedicación preferente. -Cales son as miñas fortalezas e as miñas debilidades. - De que vantaxes competitivas dispoño. -Cal é o servizo que podo ofrecer e a que prezo.</p> <p>2. Estudo do mercado: Que necesita o cliente.</p> <p>3. Captación de clientes: a) Publicidade directa: Medios de comunicación tradicionais (logotipos, cartóns, placa...) e por internet. Directorios. b) Publicidade indirecta: Referencias de terceiros. Seminarios, conferencias, presentacións, cursos, labor docente... c) Publicidade lícita e ilícita.</p> <p>4. Trato co cliente e a súa fidelización: a) Contacto inicial: transmitir confianza, interese, empatía, transmisión da propia imaxe persoal. b) Exposición do servizo: explicacións, custo, posibilidades de resultados, argumentos en función das necesidades do cliente. c) Obxeccións do cliente: como superar as reticencias do cliente.</p> <p>5. Marca e imaxe persoal: Imaxe desexada e imaxe transmitida.</p> <p>6. Política de honorarios e ingresos: Axudas e subvencións ao establecemento. Criterios orientadores de honorarios. Folla de encargo. Provisión de fondos. Cobro de honorarios. Quenda de oficio.</p> <p>7. Plan de márketing: Análise e diagnóstico de situación. Obxectivos. Accións. Cronograma. Orzamento. Responsabilidades. Seguimento. Resultado. Avaliación.</p> <p>8. Dúbdas frecuentes.</p>	D. IGNACIO LÓPEZ LÓPEZ (Avogado)

10.09.2021	16:30 a 18:00 h 18:15 a 19:45 h	<p><b>Parte VII.- Fiscalidade do/a avogado/a.</b></p> <p>1. Exercicio individual. Obrigacións tributarias. a) Tributación directa: IRPF (declaración, liquidación, retencións e pagamentos fraccionados). Concepto. Particularidades en Galicia. Rendementos de actividades profesionais. Métodos de cálculo de rendimento neto de actividades económicas: estimación directa (modalidades normal e simplificada) e obxetiva. Retencións: soportadas e practicadas. Pagos fraccionados. Lexislación básica. Regulación. Obrigacións formais. Impresos. Supostos prácticos. b) Tributación indirecta: IVE (declaración, liquidación). Concepto. Feito impositivo, exencións, devindación, base impositiva e tipo de gravame. Declaración / liquidación. Lexislación básica. Regulación. Obrigacións formais. Impresos. Supostos prácticos.</p> <p>2. Exercicio colectivo. Obrigacións tributarias: Imposto de sociedades. Outros impostos. a) Colectividade sen personalidade xurídica: Entidades sen réxime de atribución de rendas (comunidades de bens, sociedade civil...). Comunidades de bens: definición, regulación, constitución, principios de funcionamento. Sociedades civís: definición, regulación, constitución; IAE: exención por cifra de negocio; IRPF: réxime de atribución de rendas a comuneiros e partícipes. Cálculo das rendas atribuíbles; ITP e AJD: operacións societarias que gravan; IVE. b) Sociedades mercantís: IAE: Exención por cifra de negocio. Imposto de sociedades: rendas que gravan; ITP e AJD: operacións societarias que gravan.</p> <p>3. Planificación fiscal: Análise das vantaxes e desvantaxes de cada unha das opcións existentes para desenvolver a profesión.</p> <p>4. Obrigacións contables e formais: a) Obrigacións formais de carácter tributario: Presentar declaracións censuais. Solicitar e usar o NIF. Presentar declaracións, autoliquidacións e comunicacións. Libros, programas, ficheiros, arquivos. Facilitar as inspeccións, etc. b) Obrigacións contables: Libros obrigatorios. c) Conservación da documentación. d) Follas de encargo e facturas: requisitos.</p>	D. ANTONIO CENDÁN FDZ.-PEINADO ( <i>Avogado</i> )
13.09.2021	16:00 a 20:00 h	<p><b>Parte VIII.- Quenda de oficio.</b></p> <p>1. Funcionamento dos servizos colexiais da quenda de oficio, asistencia ao detido e orientación xurídica (SOX).</p> <p>2. Asistencia xurídica gratuíta: requisitos, procedemento, alcance (exencións), revogación, renuncia, insostibilidade e custas. A intervención do avogado na tramitación do expediente.</p> <p>3. Quenda de oficio: tipos (xerais e especiais), requisitos de acceso, organización e réxime de asistencia no ICA de Lugo, dereitos e obrigacións, infraccións e sancións, etc.</p>	D <sup>a</sup> CRISTINA PÉREZ SALGADO ( <i>Avogada</i> )
14.09.2021	16:00 a 18:00 h	<p><b>Parte II.- Modalidades de exercicio profesional.</b></p> <p>1. Exercicio individual: a) Por conta propia (titular do despacho / auto-organización profesional): Exercicio por conta propia compartindo despacho. Exercicio por conta propia e acordos de colaboración. Responsabilidade por actos de colaboradores e/ou empregados. b) Por conta allea: Vinculados á Administración como funcionarios. Relación laboral común. Relación laboral especial en despachos de avogados: regulación, contrato de traballo (relación especial), dereitos e deberes destes avogados.</p> <p>2. Exercicio colectivo: Principios e características: obxecto, membros, identificación, constitución, inscrición, independencia, honorarios... Formas de asociación para o exercicio: sociedade civil, comunidade de bens, sociedades mercantís, outros supostos.</p> <p>3. As prácticas na avogacía.</p>	D. FÉLIX MONDELO SANTOS ( <i>Avogado</i> )
	18:00 a 20:00 h	<p><b>Parte VIII.- Asistencia letrado ao detido e SOX.</b></p> <p>4. Asistencia letrada ao detido: organización e réxime de asistencia no ICA Lugo.</p> <p>5. SOX: funcións e organización no ICA de Lugo.</p> <p>6. A retribución destes servizos colexiais.</p>	D <sup>a</sup> CRISTINA PÉREZ SALGADO ( <i>Avogada</i> )
15.09.2021	18:30 a 20:00 h	<p><b>Parte III.- Lexnet.</b></p> <p>2. Lexnet: a) Normativa reguladora. b) Entrada en vigor. c) Operadores xurídicos obrigados a súa utilización. d) Requisitos técnicos necesarios: firma dixital e ACA. e) Cómo funciona a plataforma lexnet. f) Notificacións e prazos.</p>	D <sup>a</sup> MERCEDES ALVITE MENOR ( <i>Avogada</i> )
23.09.2021	16:00 a 18:00 h	<p><b>Parte III.- Honorarios profesionais, custas procesuais e taxas xudiciais.</b></p> <p>1. Minutación do Avogado. a) Honorarios profesionais: concepto, regulación e formas de fixación. b) Liberdade na fixación dos honorarios. c) Folla de encargo e provisión de fondos. d) Factura e implicacións fiscais. e) Formas de cobro: Conta de Avogado e Procurador.</p> <p>2. Custas procesuais. a) Concepto e regulación. b) Imposición. c) Cálculo das custas. Taxación e exacción. d) Impugnación honorarios. e) Custas e xustiza gratuíta. f) Criterios de honorarios para taxación de custas do ICA Lugo.</p> <p>3. Taxas xudiciais. a) Concepto e regulación. b) Elementos esenciais: ámbito de aplicación, feito impositivo, suxeito pasivo, devindación, base impositiva, cota tributaria.</p> <p>4. Depósitos para recorrer. a) Concepto e regulación. b) Recursos e contías. c) Consignación do depósito e acreditación. 5. Consignacións: supostos.</p>	D. FÉLIX MONDELO SANTOS ( <i>Avogado</i> )